

FUNDACIÓN GALEGA CONTRA A IMPUNIDADE

Proposta do Grupo Promotor

En Borreiros (Gondomar) a 4 de maio de 2010,

Xúntanse:

1. Manuel Abad, veciño de Santiago de Compostela, con D.N.I. nº
2. María V. Galiano, veciña de Vigo, con D.N.I. nº 44079901-X.
3. Gustavo García, veciño de Vigo, con D.N.I. nº 36037668-A.
4. Antón Llanes, veciño de O Viso (Nigrán), con D.N.I. nº 10560310-K.
5. Manuel Meixide, veciño de Nigrán, con D.N.I. nº
6. Antón Patiño, veciño de Madrid, con D.N.I. nº
7. Rexina Vega, veciña de Borreiros (Gondomar), con D.N.I. nº 36073942-Y.

Teñen decidido promover a constitución dunha fundación galega cuxo obxectivo sexa combatir a impunidade dos criminais de lesa humanidade que teñan, de calquera modo, tomado parte no xenocidio do que foron vítimas os galegos, tanto no tempo posterior ao alzamento militar do ano 1936, como a consecuencia da violencia exercida polas ditaduras sudamericanas (Arxentina, Chile, Uruguay...).

Así como, no seu caso, combatir a impunidade de quen participara en calquera forma ou grao en crimes contra a humanidade cometidos en calquera parte do mundo e sexan quen for as vítimas.

E recoñecéndose reciprocamente a capacidade necesaria para suscribir esta CONVOCATORIA, como antecedentes da mesma:

EXPOÑEN:

- I. Que por parte de varias vítimas galegas do xenocidio que foi seguido ao alzamento militar de 1936, tense presentado unha denuncia diante do Xulgado Federal do Criminal nº 1 da Cámara de Buenos Aires, en data 30 de abril pasado, adheríndose á querela presentada diante deste tribunal o 14 de abril anterior; por parte doutras dúas vítimas e incluíndo a acusación de moitos organismos arxentinos de dereitos humanos.
- II. Que tamén en representación de miles de vítimas galegas dos xenocidios que masacraron aos países do cono sur latinoamericano (Arxentina, Chile, Uruguay...), mantense a acusación nos procedementos xudiciais seguidos en ditos países.
- III. Que estes procedementos xudiciais, pola envergadura e gravidade das consecuencias destes xenocidios, requiren de apoio da sociedade, material,

humana e politicamente, polo que coinciden os promoventes en adoptar os seguintes:

ACORDOS:

PRIMEIRO: Convocar, para o próximo venres, día 7 de maio

a tódalas persoas denuncianteas diante do Xulgado Federal nº 1 da capital arxentina, ao que antes se fixo referencia, así como a tódalas persoas que antes da celebración da Asemblea Fundacional, obxecto da presente convocatoria, teñan ingresado calquera cantidade na conta corrente aberta no Banco Pastor (of. Avda. das Camelias, Vigo) a nome da Fundación Galega Contra a Impunidade, en vías de constitución.

SEGUNDO: Concretar dita convocatoria á celebración da asemblea de constitución dunha fundación cuxo obxecto sexa, exclusivamente, tentar prestar todo o apoio material, humano e político que requiran os procedementos xudiciais sinalados na parte expositiva, ou calquera outro que poida abrirse na persecución dos mesmos delitos contra a humanidade, cometidos en calquera país e calquera que fose a nacionalidade das vítimas.

TERCEIRO: Propoñer á Asemblea que dita Fundación Galega contra a Impunidade leve o nome de Fernando Pereira, despois de consultar e ter o asentemento das súas tres fillas, por considerármolo o maior exemplo persoal de loita contra a impunidade dos criminais causantes do xenocidio no noso país, coa lembranza cada ano, no mes de agosto, cadrando co asasinato de Alexandre Bóveda, de tantos Galegos Mártires e considerando tamén a súa traxectoria vital imbuída en tódolos aspectos do seu forte espírito republicano.

CUARTO: A forma de funcionamento que os promotores solicitarán sexa aprobada na asemblea será a seguinte:

1. Serán membros da Fundación tódolos denuncianteas no procedemento referido no primeiro antecedente, sexan persoas físicas ou organizacións de calquera tipo (políticas, sindicais, de defensa da memoria histórica...) sen exclusión algunha.
2. Tamén serán membros da Fundación tódalas persoas que ingresen diñeiro na conta corrente da mesma, sexa calquera a cantidade que ingresen, sen límites mínimo ou máximo.
3. Tódalas decisións que se adopten na Fundación, que deberán ir sempre exclusivamente dirixidas ao apoio aos xuízos anteditos, acordaranse asembleariamente, por maioría simple dos presentes na concreta asemblea da Fundación, ou organismo que se trate, e actúe como delegado da asemblea, sempre que os seus membros teñan sido convocados axeitadamente, segundo o procedemento que se indique nos Estatutos.
4. Os promoventes acordan propoñer a Gustavo García que redacte uns estatutos axeitados aos obxectivos, principios e forma de funcionamento antes acordados e a que os presente á Asemblea Fundacional, a celebrar o próximo venres para o seu debate e aprobación.

E sen outros asuntos de interese que tratar, asinan os promoventes da “Fundación Galega Contra a Impunidade Fernando Pereira” a presente acta, ou ben confirman a aceptación da mesma por e-mail (os que non están presentes) no lugar e data indicados no encabezamento.